



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título Memoria Xustificativa do Convenio tipo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversas entidades para a difusión das actividades desta consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2018, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 23 de novembro de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA EXPLICATIVA

A Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

No exercicio das súas competencias, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración coas entidades La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, La Región, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, Editorial La Capital, La Opinión de A Coruña e Atlántico Diario para establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre esta consellería e ese medio de comunicación para a difusión entre a cidadanía e sociedade en xeral das actividades desta consellería de interese para a cidadanía durante o ano 2018.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera de sumo interese todo o apoio e a difusión social que se faga a través dos medios de comunicación de ámbito de actuación autonómico co fin de poñer en coñecemento con obxectividade entre o público en xeral as particularidades da súa actividade na execución daquelas estratexias, programas e/ou iniciativas da súa competencia que consideran de maior interese para a cidadanía, e procurar, deste xeito, un maior coñecemento destes pola poboación.

Por outra parte, as entidades editoriais galegas, ademais de constituír nas súas áreas de influencia os medios máis axeitados para dar a coñecer as estratexias, programas e/ou iniciativas da consellería, e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións de goberno que son de interese xeral, contribúen a facer efectiva a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre os medios de comunicación citados e os da Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dada a natureza das súas actuacións, o cal determina a posibilidade de colaboracións das dúas partes para atender unha finalidade común.





Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, destinará a sinatura deste convenio a cantidade global de trescentos trece mil euros (313.000 €) destinados ao financiamento dos gastos que asumen as entidades derivadas da execución dos convenios, distribuídos do seguinte xeito:

MEDIO COMUNICACIÓN	AUDIENCIA e %	IMPORTE
La Voz de Galicia	557.755 (47,89 %)	149.899,12
Faro de Vigo	235.594 (20,23%)	63.316,93
El Progreso	95.871 (8,23 %)	25.765,76
La Región	79.829 (6,85 %)	21.454,40
El Correo Gallego	67.991 (5,84 %)	18.272,88
Editorial La Capital	47.348 (4,07%)	12.724,98
La Opinión de A Coruña	36.227 (3,11 %)	9.736,17
Diario de Pontevedra	31.634 (2,72 %)	8.501,78
Atlántico Diario	12.383 (1,06 %)	3.327,99
		313.000,00

A achega da administración financiarase con cargo ao crédito consignado nas aplicacións e nas contías que a continuación se relacionan dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CÓDIGO PROXECTO
149.899,12	05.21.121A.641.0	2015 00165
63.316,93	05.21.121A.641.0	2015 00165
25.765,76	05.21.121A.641.0	2015 00165
21.454,40	05.21.121A.641.0	2015 00165
18.272,88	05.24.121C.640.0	2015 00120
12.724,98	05.24.121C.640.0	2015 00120
9.736,17	05.22.131A.640	2015 00179
8.501,78	05.21.121A.641.0	2015 00165
3.327,99	05.21.121A.641.0	2015 00165
313.000,00		





O presente convenio de colaboración tramitase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 ° da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. A concesión da axuda estará supeditada á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente nas citadas aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

